

# USO DE LECTORES ELECTRÓNICOS (E-READERS)

## AUTORIZACIÓN DOS PAIS, NAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS

No IES "Agra de Raíces" temos 9 lectores electrónicos á disposición da comunidade educativa, "cargados" cun bo número de libros electrónicos (e-books) cuxo listado se pode consultar (e irase actualizando) no blog da biblioteca do centro, [www.biblioraices.blogspot.com](http://www.biblioraices.blogspot.com), e na páxina web oficial do centro, no apartado da biblioteca.

Estes lectores electrónicos se empristan de xeito semellante ao resto dos fondos da biblioteca (libros e películas), agás polo feito de que, ao ter un precio medianamente elevado (uns 120 euros), solicitamos previamente a autorización dos pais, nais ou titores legais.

O usuario recibe unha copia destas condicións cando leva o aparello en préstamo.

### CONDICIÓNS DE USO DOS LECTORES

1. O préstamo levarase a cabo por un prazo de quince días que será prorrogable agás no caso de que haxa solicitudes de uso pendentes de atender.
2. O usuario é o responsable do dispositivo e máis de todos os seus accesorios, relacionados no formulario de préstamo, e deberá devolvelo nas mesmas condicións nas que o levou, informando inmediatamente aos encargados da biblioteca de calquera anomalía no seu estado ou funcionamento; de non facelo, o IES "Agra de Raíces" poderá exixir a reparación do dano feito, mesmo mediante a compra dun dispositivo ou de accesorios semellantes por parte do usuario.
3. O usuario non poderá modificar a configuración do dispositivo nin engadir ou borrar libros.
4. O usuario poderá, cando estea completamente descargado, cargar o dispositivo mediante o cable USB subministrado, enchufándoo a un ordenador aceso, elixindo non recoñecer o dispositivo por parte do ordenador e deixándoo enchufado ata que a icona da batería do dispositivo marque 100 % e o sinal luminoso cambie de cor. É obrigatorio devolver o dispositivo con media carga como pouco (hai unha icona nun ángulo da pantalla).

---

### AUTORIZACIÓN (ENCHER E QUE O ALUMNO OU ALUMNA LLA ENTREGUE AO BIBLIOTECARIO)

Eu ....., como seu pai, nai, titor ou titora legal,

autorizo a .....,

alumno ou alumna de .....- ..... de ESO  BACHARELATO  CICLO FORMATIVO, a que leve en préstamo lectores electrónicos durante o curso 2013 - 2014.

Asinado, o pai, a nai, o titor ou titora legal.

..... de ..... de 2014